



Onde Oleiros é Mar

Unha liña de costa diversa e sorprendente

O modelado do litoral oleirense é moi variado. Desde a ría, aos sistemas dunares, praias de areas e coídos, de rasas litorais, lagoas costeiras, cantís, furnas e pequenas illas...todas elas conforman un dos conxuntos de paisaxes litorais máis heteroxéneos e de máis personalidade de Galicia.

Pero algunhas das formacións máis senlleiras case non chegaron ata nós. Hoxe resulta difícil de imaxinar o impresionante sistema dunar de Santa Cristina alterado pola intervención humana desde os anos 50. Contan os veciños que se empregaba incluso como zona de aterraxe de avións nas guerras do século XX. Xunto cun urbanismo agresivo a ría sufriu graves problemas de contaminación polos vertidos das industrias situadas nas súas marxes e a falta de saneamento.

Na actualidade, como natureza sabia, a ría do Burgo rexenérase paseniño e constitúe de novo un lugar de abrigo e invernada para aves limícolas e acuáticas, indicadores dunha calidade ambiental en constante mellora.

Así era antes...



Os espectaculares martiños peixeiros deixámonos ver na ría. Tes paciencia e perspicacia para intentalo?

A rasa litoral de Bastiagueiro pequeno, unha das formacións costeiras máis singulares.



As especies limícolas descansan e coiten forzas na ría para as súas viaxes migratorias.



A uña de gato, como especie invasora, ameaza a flora do litoral en toda a costa galega.



Video Baixo o espello das ondas



Unha lagoa artificial moi natural

A lagoa de Mera é resultado da extracción das arxilas que se usaban para a produción de tellas e ladrillos na fábrica dos irmáns Cividanes. Hoxe fica como testemuña a cheminea ás beiras desta lagoa naturalizada, que conta cun pequeno bosque de ribeira ben conservado, e no que numerosas aves atopan alimento e refuxio todo o ano. O parque da lagoa é un lugar de encontro interxeracional no que se desenvolven numerosas actividades.

- 1 - Ría do Burgo
- 2 - Dunas de Santa Cristina
- 3 - Areal de Santa Cristina
- 4 - Areal de Bastiagueiro
- 5 - Rasa litoral de Bastiagueiro Pequeno
- 6 - Areal do porto de Santa Cruz
- 7 - Cova da Hedra
- 8 - Praia de coídos de Naval
- 9 - Aluvián torrencial fósil
- 10 - As Margaridas
- 11 - Covas de Breixo
- 12 - Cova de Canide
- 13 - Areal de Mera
- 14 - Lagoa de Mera
- 15 - Areal de Espiñeiro
- 16 - Cova de Canabal
- 17 - Acantilados

- 1 - Illa de Santa Cristina
- 2 - Illa de Santa Cruz
- 3 - Insua de Montemeán
- 4 - Illa da Marola
- 5 - Illa do Corval

